

IES SALVADOR DE MADARIAGA



BANCO DE LIBROS 2024/2025

1. Que é BANCO DE LIBROS?

É un SERVIZO EDUCATIVO de carácter solidario ofrecido polo ANPA IES SALVADOR DE MADARIAGA destinado a recoller e distribuír libros entre o colectivo de familias do instituto IES SALVADOR DE MADARIAGA.

Os obxectivos do Banco de Libros son:

- Axudar ao maior número de familias
- Contribuír a unha economía circular.
- Fomentar a igualdade entre o alumnado da nosa comunidade.

A implementación de calquera proxecto conleva obstáculos.

Debido aos cambios nos plans de estudos esta iniciativa ten que ser posta en marcha desde cero.

Por iso as familias debemos ser conscientes de que:

- Os recursos crecerán na medida en que todos esteamos dispostos a achegar.
- Canto máis acheguemos, máis beneficio para a comunidade no seu conxunto.
- O carácter solidario do proxecto conleva que entendamos que existen casos prioritarios.
- O ANPA IES SALVADOR DE MADARIAGA é unha organización sen ánimo de lucro que funciona grazas a persoas voluntarias que achegan o seu tempo, coñecementos e esforzo de forma desinteresada para que isto sexa posible. A nosa presenza está condicionada polas nosas propias circunstancias.

2. Que materiais se inclúen no BANCO DE LIBROS?

- Forman parte deste sistema os libros de texto curriculares que estean en bo estado de uso e fosen requiridos polo centro IES Salvador de Madariaga para a súa utilización na aula.
- O libro debe ser orixinal, non se admiten falsas reproducións nin fotocopias
- O material doado pasa a ser propiedade do ANPA IES SALVADOR DE MADARIAGA, que se compromete a usalo e xestionalo coa finalidade para a que foi recolleito, ata que devandito material non sexa apto para o seu uso no centro.

3. Quen pode achegar material ao BANCO DE LIBROS?

- Calquera persoa ou institución pode achegar material ao proxecto.
- A doazón non outorga dereitos adicionais aos doantes, que participan de forma solidaria e desinteresada.

4. Quen xestiona BANCO DE LIBROS?

O Banco de libros está xestionado pola Xunta Directiva do ANPA IES SALVADOR DE MADARIAGA e as súas funcións a este respecto serán:

- Recoller, revisar e custodiar os exemplares que se entreguen.
- Realizar un banco de datos das familias participantes.
- Impulsar e tramitar novas incorporacións ao Fondo Banco de Libros.
- Asignar os libros entregados de forma equitativa, solidaria e xusta.
- Emitir documentación de recollida e entrega de todo o material, nun exercicio de absoluta transparencia.

5. Quen pode ser beneficiario do BANCO DE LIBROS?

Toda persoa que, como condición imprescindible, sexa socia do ANPA IES SALVADOR DE MADARIAGA..

- Exceptúanse aqueles casos de familias de especial vulnerabilidade cuxo único requisito é o coñecemento por parte do propio instituto ou dos servizos sociais a súa situación, e a petición destes da nosa colaboración con eles.

6. Criterio de reparto

O reparto realizarase en función do número de doazóns que se alcance, sempre segundo criterios de equidade.

- Priorizarase que todas as familias obteñan polo menos 1 libro.
- Se non é posible polo insuficiente número de doazóns, terán prioridade as familias que doasen e o número de exemplares que se acheguen ao Banco (por esta orde)
- Se asignado 1 libro por familia sobrasen exemplares, seguirase o segundo criterio (número de exemplares doados pola familia).
- Só no caso de que existisen excedentes despois da repartición, poderán acceder aos libros, por esta orde:
 - Socios non doantes
 - Non socios doantes
 - Non socios non doantes

7. Compromisos dos beneficiarios

O dereito para ser beneficiario do Banco de libros, implica o compromiso e por tanto a obriga de :

- Coidar e protexer o material que se lle entrega.
- Devolvelo a final de curso dentro dos prazos establecidos polo ANPA para iso.
- Repoñer en caso de extremo deterioro ou perda o material que se lle asignou.